

U 1 MATERIA E ENERXÍA 6º PRIMARIA

1. Todo aquilo que vemos e tocamos	
2. Son as características da materia.	
3. Cantidade de materia dun obxecto ou un corpo. Mídese en quilogramos.	
4. Espazo que ocupa un corpo. Mídese en litros ou en cm^3 .	
5. Cantidade de masa que ten un determinado volume. Para calculala utilízase a fórmula $d=m/v$. Mídese en kg/cm^3 .	
6. Principio polo que se demostra que ao mergullar un corpo nun líquido, este despraza unha cantidade de fluxo equivalente ao volume que ten.	
7. Son os estados da materia.	
8. Teñen forma propia e ocupan sempre o mesmo espazo, manteñen o seu volume.	
9. Non teñen forma propia, adquiren a do recipiente que os contén, manteñen o seu volume.	
10. Non teñen forma nin volume propios.	
11. Propiedade da materia que é difícil de raiar, cortar ou perforar.	
12. Propiedade da materia que resulta difícil de romper.	
13. Propiedade da materia que non deixa pasar os líquidos.	
14. Capacidade dunha substancia para disolverse noutra.	
15. Materia que serve para fabricar obxectos.	

16. Cambios da materia sen alterar a súa forma nin composición.	
17. Cambio físico que consiste no paso dun sólido a líquido.	
18. Temperatura á que funde unha materia.	
19. Cambio físico que consiste no paso dun líquido a gas.	
20. Tipo de evaporación na que o paso de líquido a gas se produce a unha temperatura determinada.	
21. Cambio físico que consiste no paso de gas a líquido. Prodúcese ao descender a temperatura.	
22. Cambio físico que consiste no paso de líquido a sólido cando descende a temperatura.	
23. Cambio físico reversible que consiste no aumento de volume ao aumentar a temperatura.	
24. Mestura na que se distinguen os seus compoñentes.	
25. Mestura na que non se poden distinguir os seus compoñentes.	
26. Mestura homoxénea de metais.	
27. Mestura homoxénea formada por dous líquidos ou un líquido e un sólido.	
28. Capacidade dunha substancia para disolverse noutra.	
29. Compoñente máis abundante dunha disolución.	
30. Compoñente menos abundante nunha disolución.	